- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación do presente acordo, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente”

Lugo, 18 de novembro de 2020.- A Tta. de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, Mercedes Paula Alvarellos Fondo

R. 2949

### *Anuncio*

**Ilma. Sra. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tta. de Alcaldesa-Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo.**

Visto que a Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 29 de xuño de 2020 adoptou o acordo 17/339 APROBACIÓN DAS BASES QUE REXERÁN O CONCURSO PARA A PROVISIÓN DE VARIOS POSTOS DE TRABALLO NO EXCMO. CONCELLO DE LUGO PARA XEFES DE SERVIZO.

De igual xeito, a Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 21 de outubro de 2020 adoptou o acordo 25/524 MODIFICACIÓN DO ACORDO 16/338 APROBACIÓN DAS BASES QUE REXERÁN O CONCURSO PARA A PROVISIÓN DE VARIOS POSTOS DE TRABALLO NO EXCMO. CONCELLO DE LUGO PARA ADXUNTOS DE SERVIZO, XEFES DE SECCIÓN E ADXUNTOS DE SECCIÓN ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O 29 DE XULLO DE 2020 E DO ACORDO 17/339 APROBACIÓN DAS BASES QUE REXERÁN O CONCURSO PARA A PROVISIÓN DE VARIOS POSTOS DE TRABALLO NO EXCMO. CONCELLO DE LUGO PARA XEFES DE SERVIZO, polo que se acordou:

“Incluir nos acordos Nº 16/338 e Nº 17/339 ao seguinte vogal titular e suplente:

Vogal titular: D<sup>a</sup>. Mónica Iglesias Prego, interventora xeral do Concello de Muxía.

Suplente: D. Manuel Vázquez Fernández, interventor xeral do Concello de Lugo.”

De acordo co disposto no artigo 90 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego público de Galicia, así como, no artigo 39 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Civís da Administración Xeral do Estado, aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Convocar o concurso para a provisión de varios postos de traballo no Excmo. Concello de Lugo para Xefes de Servizo que se rexerá polas bases aprobadas polo acordo 17/339 adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada o día 29 de xuño de 2020 e polo acordo 25/524 adoptado na sesión celebrada por dito órgano o día 21 de outubro de 2020, que a continuación se transcriben:

#### **1.- OBXECTO DO PRESENTE CONCURSO**

É obxecto deste concurso a provisión dos postos de traballo, mencionados no anexo destas bases, entre os funcionarios de carreira de calquera Administración Pública, con praza en propiedade, sempre que tiveran transcorrido polo menos dous anos dende a obtención con carácter definitivo do anterior posto de traballo.

#### **2.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

As instancias solicitando tomar parte nesta convocatoria dirixiranse á Excm. Sra Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo, acompañadas da acreditación documental dos méritos para xuntar e presentaranse no Rexistro Xeral de Entrada deste, ou na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/15, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, durante un prazo de 15 días hábiles, contados a partir da publicación desta convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

Cada un/ha dos/as funcionarios/as participantes poderá solicitar todos os postos convocados para os que reúna as condicións e requisitos sinalados, expresando a orde de preferencia de cada posto de traballo e indicando a tal fin a denominación co que figuren estes.

Os requisitos determinados na convocatoria deberán reunirse na data que termine o prazo de presentación de solicitudes de participación.

Só se poderá desistir da petición de tomar parte no concurso antes de que finalice o prazo de presentación de solicitudes.

#### **3.- REQUISITOS PARA PARTICIPAR NA CONVOCATORIA DE CONCURSO**

A) Ser funcionarios/as de carreira de calquera Administración Pública, con praza en propiedade, pertencente á Escala, Subescala e Grupo establecida no Anexo.

B) Atoparse en calquera situación administrativa, excepto en situación de suspensión firme ou de excedencia voluntaria por interese particular ou por agrupación familiar, sen ter transcorrido o prazo legal obrigatorio de permanencia de dous anos.

#### 4.- BAREMO DE MÉRITOS

Soamente procederá a valoración dos méritos alegados polas persoas participantes cando estas reúnan os requisitos esixidos nestas bases.

Valoraranse os méritos obtidos ou en condición de obterse na data na que finalice o prazo de presentación de instancias para participar no correspondente concurso.

A xustificación dos méritos deberá realizarse mediante certificación oficial expedida para o efecto.

Para fixar a orde de preferencia na adxudicación do posto no concurso, valoraranse os seguintes méritos:

**1.- Antigüidade:** valorarase cun máximo de **4 puntos**, tendo en conta os servizos efectivos prestados e recoñecidos en calquera Administración Pública, de conformidade coa seguinte escala:

- servizos no mesmo subgrupo/grupo que o do posto solicitado: 0,015 puntos por cada mes ou fracción igual ou superior a 15 días naturais
- servizos nun subgrupo/grupo distinto ao do posto solicitado: 0,007 puntos por cada mes ou fracción igual ou superior a 15 días naturais.

**2.- Experiencia:** experiencia no desenvolvemento de postos pertencentes á área funcional á que corresponda o convocado, entendendo por área funcional a política de gasto definida conforme á Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais. Tomarase en consideración o posto de traballo ocupado na data de finalización do prazo de presentación de instancias. Puntuación de **3 puntos**.

**3.- Grao persoal consolidado:** valorarase cun máximo de **2 puntos** o grao persoal que se teña consolidado de conformidade co seguinte:

- por posuír un grao persoal superior en dous ou máis niveis ao do posto solicitado: 2 puntos
- por posuír un grao de igual nivel ao do posto solicitado: 1,5 puntos
- por posuír un grao persoal inferior nun nivel ao do posto solicitado: 1,25 puntos
- por posuír un grao persoal inferior en dous ou máis niveis ao do posto solicitado: 1 punto.

**4.- Traballo desempeñado:** valorarase cun máximo de **2,25 puntos** segundo o nivel de complemento de destino correspondente ao posto de traballo desde o que se participa no concurso de conformidade co seguinte:

- nivel igual ao posto ao que se concursa: 2,25 puntos
- un nivel inferior: 2,14 puntos
- dous niveis inferiores: 2,03 puntos
- tres niveis inferiores: 1,92 puntos
- catro niveis inferiores: 1,81 puntos
- cinco niveis: 1,70 puntos
- niveis inferiores ao anterior: 1,50 puntos.

Aos funcionarios en comisión de servizos valoraráselles o nivel de complemento de destino do seu posto de orixe.

Unicamente se valorará o nivel dos postos que estean provistos na forma legalmente establecida.

**5.- Permanencia no posto de traballo:** valorarase cun máximo de **0,75 puntos** a permanencia ininterrompida no mesmo posto dende o que se concursa segundo o seguinte:

- nos 5 anos anteriores: 0,75 puntos
- nos 4 anos anteriores: 0,50 puntos
- nos 3 anos anteriores: 0,25 puntos.

**6.- Méritos académicos:** valoraranse os cursos impartidos e/ou recibidos nos últimos 15 anos e ata a data de publicación da convocatoria cuxo contido estea directamente relacionado coas funcións propias do posto solicitado e convocados polo Concello, a Deputación, o INAP, a EGAP, organizacións sindicais ou outros axentes dentro do marco de acordo de formación para o emprego das administracións públicas.

Valoraranse de 0,10 a 0,5 puntos por curso ata un máximo total de **3 puntos** de acordo co seguinte:

- cursos de ata 20 horas: 0,10 puntos
- cursos de 21 a 40 horas: 0,20 puntos
- cursos de 41 a 100 horas: 0,35 puntos

- cursos de máis de 100 horas: 0,50 puntos.

Non se valorarán os que non acrediten as datas de realización e horas de duración, os derivados de procesos selectivos, e os relativos a xornadas, seminarios, simposios ou similares.

Nos cursos referentes a unha mesma materia, valorarase unicamente o de nivel superior.

**7.- Coñecemento da lingua galega:** valorarase o coñecemento da lingua galega cun máximo de **1 punto**, a razón de:

- Celga 2 ou equivalente: 0,20 puntos
- Celga 3 ou equivalente: 0,30 puntos
- Celga 4 ou equivalente: 0,40 puntos
- Curso de linguaxe administrativa de nivel medio ou equivalente: 0,75 puntos
- Celga 5, Curso de linguaxe administrativa de nivel superior ou equivalente: 1,00 punto.

Só se valorarán os cursos que non se esixan para a provisión do posto.

**8.- Outras titulacións:** valorarase cun máximo de **2 puntos** calquera outra titulación académica oficial distinta da esixida para acceder á praza dende a que se concurra relacionadas co posto ao que se concurra.

- bacharelato ou ciclo medio: 0,50 puntos
- ciclo superior: 1,00 punto
- título de diplomatura ou equivalentes: 1,5 puntos
- título de máster, licenciatura ou grao universitario: 2 puntos.

**9.- Conciliación da vida persoal e familiar:** valorarase ata un máximo de **1 punto** polos seguintes conceptos:

- coidado de fillos menores de 12 anos naturais ou por adopción ou acollemento permanente: 0,70 puntos
- coidado dun familiar ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade cando por razóns de idade, accidente, enfermidade ou discapacidade non poda valerse por si mesmo e non desempeñe actividade retribuída: 0,5 puntos.

Os méritos referidos á conciliación acreditaranse como segue:

- coidado de fillo: copia do libro de familia ou resolución xudicial
- coidado dun familiar: copia do libro de familia e documento acreditativo da situación de dependencia e tamén certificado de non estar de alta na Seguridade Social.

**10.- Memoria.** Confección dunha memoria sobre a análise das tarefas do posto e dos requisitos, condicións e medios necesarios para o seu desenvolvemento, a xuízo do candidato, de acordo coa descrición contida na convocatoria. A puntuación máxima será de **6 puntos**.

Para o caso de empate na valoración, aplicaranse por esta orde os seguintes criterios de desempate:

Primeiro.- A maior antigüidade ao servizo da Administración

Segundo.- A maior antigüidade no posto dende o que se concurra

Terceiro.- A data de ingreso como funcionario de carreira e na subescala na que se concurra

Cuarto.- Sorteo público.

## 5.- COMISIÓN DE VALORACIÓN

Cualificarán os méritos dos concursantes, con referencia á data de peche do prazo de presentación de instancias, unha Comisión de Valoración composta por:

Presidente:

- D. Leopoldo More García, Secretario xeral do Concello de Ferrol.

Suplente: D<sup>a</sup>. Aranzazu Sastre Carracedo, Tesoureira municipal do Concello de Lugo

Vogais:

- D.<sup>a</sup> Ana Rivas García, Secretaria Interventora do Concello de Becerreá.
- Suplente: D Marco Antonio García Gabilán Sangil Secretario Interventor do Concello de O Corgo.
- D. María Begoña López García, Técnica de Administración Xeral do Servizo de Apoio Técnico da Dirección de Economía, Facenda e Réxime Interior no Concello de A Coruña

Suplente: Emilio Fernández Pita, Xefe de Servizo de Recadación da Excma. Deputación de Lugo.



– D<sup>a</sup>. Mónica Iglesias Prego, interventora xeral do Concello de Muxía.

Suplente: D. Manuel Vázquez Fernández, interventor xeral do Concello de Lugo.

Secretaria:

– D. Rafael del Barrio Berbel, Secretario Xeral do Pleno do Excmo Concello de Lugo.

Suplente: María García Ferro, Vicesecretaria do Exmo Concello de Lugo.

#### 6.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN

O resultado da avaliación dos méritos e a adxudicación provisional exporase ó público no taboleiro de anuncios do edificio do Centro de Servizos Municipais, sito na ronda da Muralla, 197, nunha relación que conterá a totalidade do persoal concursante, ordenada de maior a menor puntuación total, con expresión do posto de traballo adxudicado, se é o caso. Concederase un prazo de dez días hábiles para que formulen as reclamacións que estimen pertinentes en relación coa baremación.

#### 7.- TOMA DE POSESIÓN

Transcorrido o prazo sinalado anteriormente, a Comisión resolverá as reclamacións que se presentasen e formulará a proposta de adxudicación dos postos convocados, remitíndoa á autoridade convocante para a súa publicación no Taboleiro de Anuncios do Edificio Administrativo do Seminario, mediante resolución motivada.

Na resolución de adxudicación do concurso indicarse a data na que deberá efectuarse o cesamento no actual posto de traballo e a toma de posesión do destino adxudicado, salvo nos casos de forza maior debidamente xustificadas.

#### 8.- RECURSOS

Estas bases son definitivas en vía administrativa e contra estas pode interpoñerse, de conformidade co establecido na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e na Lei reguladora da xurisdición contencioso-administrativo, un dos seguintes recursos.

a) Con carácter potestativo recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto recorrido, no prazo dun mes contado dende o día seguinte á súa publicación. Transcorrido un mes dende o día seguinte ó da interposición do recurso de reposición sen que se teña resolto, poderá entenderse desestimado, e poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo.

b) Recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso administrativo dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da súa publicación.

Todo isto sen prexuízo de que poda exercitarse calquera outro recurso ou acción que se estime procedente.

#### 9.- PUBLICACIÓN

Estas bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, Diario Oficial de Galicia e Boletín Oficial do Estado.

#### ANEXO

##### Postos para convocar:

- **Xefe/a de Servizo de Fomento.** Funcionario/a de Carreira, Escala de Administración Especial, Subescala Técnico Superior, Licenciado/a Administración e Dirección de Empresas, Ccias. Económicas e Empresariais, Dereito, Axente de Desenvolvemento Local, ou título de grao e máster ou equivalente GRUPO A1 ou Funcionario/a de carreira, da Escala de Administración Xeral, Subescala Técnico, GRUPO A1 (Titulación: Doutor/a, Licenciado/a, Enxeñeiro/a Arquitecto/a ou título universitario de grao e máster ou equivalente) Aberto a todas as Administracións Públicas. CODIGO 05/208.

- **Xefe/a de Servizo de Prevención e Saúde.** Requisitos: Funcionario/a de carreira, Escala de Administración Especial. Subescala Técnico Superior. Titulación Universitaria e Curso de Técnico Superior de Prevención de Riscos. GRUPO A1. Aberto a todas as Administracións Públicas. CODIGO 07/208.

- **Xefe/a de Servizo de Licenzas.** Funcionario/a de carreira, da Escala de Administración Xeral, Subescala Técnico, GRUPO A1 (Titulación: Doutor/a, Licenciado/a, Enxeñeiro/a Arquitecto/a ou título universitario de grao e máster ou equivalente) Aberto a todas as Administracións Públicas. Aberto a todas as Administracións Públicas. CODIGO 22/208.

- **Xefe/a de Servizo de Igualdade.** Funcionario/a de Carreira, Escala de Administración Especial, Subescala Técnico Superior, Licenciado/a en dereito, Psicoloxía ou Pedagogía ou título universitario de grao e máster ou equivalente GRUPO A1. Aberto a todas as Administracións Públicas. CODIGO 42/208.

- **Xefe/a de Servizo de Educación.** Funcionario/a de carreira, da Escala de Administración Xeral, Subescala Técnico, GRUPO A1 (Titulación: Doutor/a, Licenciado/a, Enxeñeiro/a Arquitecto/a ou título universitario de grao e máster ou equivalente) ou Funcionario/a de Carreira, Escala de Administración Especial, Subescala Técnico

Superior, Pedagogía ou título universitario de grao e máster equivalente Aberto a todas as Administración Públicas GRUPO A1. CODIGO 43/208.

- **Xefe/a de Servizo de Cultura, turismo e Promoción da Lingua..** Funcionario/a de carreira, da Escala de Administración Xeral, Subescala Técnico, GRUPO A1 (Titulación: Doutor/a, Licenciado/a, Enxeñeiro/a Arquitecto/a ou título universitario de grao e máster ou equivalente) ou Funcionario/a de Carreira, Escala de Administración Especial, Subescala Técnico Superior, Licenciatura en Artes e Humanidades ou título universitario de grao e máster equivalente GRUPO A1. Funcionario/a de carreira, da Escala de Administración Xeral, Subescala Xestión, GRUPO A2. (Titulación: Enxeñeiro/a Técnico, Diplomado/a, Arquitecto/a Técnico ou título universitario de grao ou equivalente) ou Funcionario/a de Carreira, Escala de Administración Especial, Subescala Técnico Medio, Título Universitario en Arte e Humanidades GRUPO A2. Aberto a todas as Administración Públicas CODIGO 51/208.

- **Xefe/a de Servizo de Fiscalización Previa.** Funcionario/a de carreira, da Escala de Administración Xeral, Subescala Técnico, GRUPO A1 (Titulación: Doutor/a, Licenciado/a, Enxeñeiro/a Arquitecto/a ou título universitario de grao e máster ou equivalente) ou Funcionario/a de Carreira, Escala de Administración Especial, Subescala Técnico Superior, Licenciado en Administración e Dirección de Empresas, Económicas e Dereito ou título universitario de grao e máster equivalente GRUPO A1. Funcionario/a de carreira, da Escala de Administración Xeral, Subescala Xestión, GRUPO A2. (Titulación: Enxeñeiro/a Técnico, Diplomado/a, Arquitecto/a Técnico ou título universitario de grao ou equivalente) ou Funcionario/a de Carreira, Escala de Administración Especial, Subescala Técnico Medio, Diplomatura en Ciencias Empresariais ou título universitario de grao ou equivalente Aberto a todas as Administración Públicas. CODIGO 61/208/1.

- **Xefe/a de Servizo de Control Financeiro.** Funcionario/a de carreira, da Escala de Administración Xeral, Subescala Técnico, GRUPO A1 (Titulación: Doutor/a, Licenciado/a, Enxeñeiro/a Arquitecto/a ou título universitario de grao e máster ou equivalente) ou Funcionario/a de Carreira, Escala de Administración Especial, Subescala Técnico Superior, Licenciado en Administración e Dirección de Empresas, Económicas e Dereito ou título universitario de grao e máster equivalente GRUPO A1. Funcionario/a de carreira, da Escala de Administración Xeral, Subescala Xestión, GRUPO A2. (Titulación: Enxeñeiro/a Técnico, Diplomado/a, Arquitecto/a Técnico ou título universitario de grao ou equivalente) ou Funcionario/a de Carreira, Escala de Administración Especial, Subescala Técnico Medio, Diplomatura en Ciencias Empresariais ou título universitario de grao ou equivalente Aberto a todas as Administración Públicas. CODIGO 61/208/2.

- **Xefe/a de Servizo do Órgano de Xestión Económico Financeiro.** Funcionario/a de carreira, da Escala de Administración Xeral, Subescala Técnico, GRUPO A1 (Titulación: Doutor/a, Licenciado/a, Enxeñeiro/a Arquitecto/a ou título universitario de grao e máster ou equivalente) ou Funcionario/a de Carreira, Escala de Administración Especial, Subescala Técnico Superior, Licenciado en Administración e Dirección de Empresas, Económicas e Dereito ou título universitario de grao e máster equivalente GRUPO A1. Funcionario/a de carreira, da Escala de Administración Xeral, Subescala Xestión, GRUPO A2. (Titulación: Enxeñeiro/a Técnico, Diplomado/a, Arquitecto/a Técnico ou título universitario de grao ou equivalente) ou Funcionario/a de Carreira, Escala de Administración Especial, Subescala Técnico Medio, Diplomatura en Ciencias Empresariais ou título universitario de grao ou equivalente Aberto a todas as Administración Públicas. CODIGO 62/208.

- **Xefe/a de Servizo de Facenda Local.** Funcionario/a de carreira, da Escala de Administración Xeral, Subescala Técnico, GRUPO A1 (Titulación: Doutor/a, Licenciado/a, Enxeñeiro/a Arquitecto/a ou título universitario de grao e máster ou equivalente) ou Funcionario/a de Carreira, Escala de Administración Especial, Subescala Técnico Superior, Licenciado en Administración e Dirección de Empresas, Económicas e Dereito ou título universitario de grao e máster equivalente GRUPO A1. Funcionario/a de carreira, da Escala de Administración Xeral, Subescala Xestión, GRUPO A2. (Titulación: Enxeñeiro/a Técnico, Diplomado/a, Arquitecto/a Técnico ou título universitario de grao ou equivalente) ou Funcionario/a de Carreira, Escala de Administración Especial, Subescala Técnico Medio, Diplomatura en Ciencias Empresariais ou título universitario de grao ou equivalente Aberto a todas as Administración Públicas. CODIGO 65/208.

- **Xefe/a de Servizo de Augas.** Funcionario/a de carreira, da Escala de Administración Xeral, Subescala Técnico, GRUPO A1 (Titulación: Doutor/a, Licenciado/a, Enxeñeiro/a Arquitecto/a ou título universitario de grao e máster ou equivalente) ou Funcionario/a de Carreira, Escala de Administración Especial, Subescala Técnico Superior, Licenciado/a en Administración e Dirección de Empresas, Económicas, Dereito ou Enxeñería ou título universitario de grao e máster equivalente Aberto a todas as Administración Públicas GRUPO A1. CODIGO 66/208.

- **Xefe/a de Servizo de Desenvolvemento Local.** Funcionario/a de Carreira, Escala de Administración Especial, Subescala Técnico Superior, Licenciado/a en Ciencias Xurídicas e/ou Sociais. Axente de Desenvolvemento Local ou título universitario de grao e máster equivalente Aberto a todas as Administración Públicas GRUPO A1. CODIGO 67/208.

- **Xefe/a de Servizo de Participación e Atención Cidadá (SAC).** Funcionario/a de carreira, da Escala de Administración Xeral, Subescala Técnico, GRUPO A1 (Titulación: Doutor/a, Licenciado/a, Enxeñeiro/a Arquitecto/a ou título universitario de grao e máster ou equivalente) GRUPO A1. Funcionario/a de carreira, da Escala de Administración Xeral, Subescala Xestión, (Titulación: Enxeñeiro/a Técnico, Diplomado/a, Arquitecto/a Técnico ou título universitario de grao ou equivalente) GRUPO A2. Aberto a todas as Administracións Públicas CODIGO 72/208."

**SEGUNDO.-** Procédase a súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo podense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta resolución.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

R. 2950

### *Anuncio*

**Ilma. Sra. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tta. de Alcaldesa-Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo.**

Visto que a Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 29 de xuño de 2020 adoptou o acordo 16/338 APROBACIÓN DAS BASES QUE REXERÁN O CONCURSO PARA A PROVISIÓN DE VARIOS POSTOS DE TRABAJO NO EXCMO. CONCELLO DE LUGO PARA ADXUNTOS DE SERVIZO, XEFES DE SECCIÓN E ADXUNTOS DE SECCIÓN.

De igual xeito, visto que a Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 7 de outubro de 2020 adoptou o acordo 15/480 RECTIFICACIÓN DO ACORDO 16/338 APROBACIÓN DAS BASES QUE REXERÁN O CONCURSO PARA A PROVISIÓN DE VARIOS POSTOS DE TRABAJO NO EXCMO. CONCELLO DE LUGO PARA ADXUNTOS DE SERVIZO, XEFES DE SECCIÓN E ADXUNTOS DE SECCIÓN ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O 29 DE XULLO DE 2020, polo que se acordou incluír no ANEXO do acordo Nº 16/338 o seguinte posto de traballo:

“- **Adxunto de Servizo de Enxeñería.** Funcionario/a de carreira, da Escala de Administración Especial, Subescala Técnico Superior, GRUPO A1 (Titulación: Enxeñeiro/a de Camiños. CODIGO 3102/221.”

Igualmente, tendo en conta que a Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 21 de outubro de 2020 adoptou o acordo 25/524 MODIFICACIÓN DO ACORDO 16/338 APROBACIÓN DAS BASES QUE REXERÁN O CONCURSO PARA A PROVISIÓN DE VARIOS POSTOS DE TRABAJO NO EXCMO. CONCELLO DE LUGO PARA ADXUNTOS DE SERVIZO, XEFES DE SECCIÓN E ADXUNTOS DE SECCIÓN ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O 29 DE XULLO DE 2020 E DO ACORDO 17/339 APROBACIÓN DAS BASES QUE REXERÁN O CONCURSO PARA A PROVISIÓN DE VARIOS POSTOS DE TRABAJO NO EXCMO. CONCELLO DE LUGO PARA XEFES DE SERVIZO, polo que se acordou:

“Incluír nos acordos Nº 16/338 e Nº 17/339 ao seguinte vogal titular e suplente:

Vogal titular: D<sup>a</sup>. Mónica Iglesias Prego, interventora xeral do Concello de Muxía.

Suplente: D. Manuel Vázquez Fernández, interventor xeral do Concello de Lugo.”

De acordo co disposto no artigo 90 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego público de Galicia, así como, no artigo 39 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívicos da Administración Xeral do Estado, aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Convocar o concurso para a provisión de varios postos de traballo no Excmo. Concello de Lugo para Adxuntos de Servizo, Xefes de Sección e Adxuntos de Sección que se rexerá polas bases aprobadas polo acordo 17/338 adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada o día 29 de xuño de 2020 e modificado polo acordo 15/480 adoptado na sesión celebrada por dito órgano o día 7 de outubro de 2020 e polo acordo 25/524 adoptado na sesión celebrada por dito órgano o día 21 de outubro de 2020, que a continuación se transcriben:

#### **1.- OBXECTO DO PRESENTE CONCURSO**

É obxecto deste concurso a provisión dos postos de traballo, mencionados no anexo destas bases, entre os funcionarios de carreira do Concello de Lugo, con praza en propiedade, sempre que tiveran transcorrido polo menos dous anos dende a obtención con carácter definitivo do anterior posto de traballo.

#### **2.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

As instancias solicitando tomar parte nesta convocatoria dirixiranse á Excm. Sra Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo, acompañadas da acreditación documental dos méritos para xuntar e presentaranse no

Rexistro Xeral de Entrada deste, ou na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/15, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, durante un prazo de 15 días hábiles, contados a partir da publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Cada un/ha dos/as funcionarios/as participantes poderá solicitar todos os postos convocados para os que reúna as condicións e requisitos sinalados, expresando a orde de preferencia de cada posto de traballo e indicando a tal fin a denominación co que figuren estes.

Os requisitos determinados na convocatoria deberán reunirse na data que termine o prazo de presentación de solicitudes de participación.

Só se poderá desistir da petición de tomar parte no concurso antes de que finalice o prazo de presentación de solicitudes.

### 3.- REQUISITOS PARA PARTICIPAR NA CONVOCATORIA DE CONCURSO

A) Ser funcionarios/as de carreira do Excmo. Concello de Lugo, con praza en propiedade, pertencente á Escala, Subescala e Grupo establecida no Anexo.

B) Atoparse en calquera situación administrativa, excepto en situación de suspensión firme ou de excedencia voluntaria por interese particular ou por agrupación familiar, sen ter transcorrido o prazo legal obrigatorio de permanencia de dous anos.

### 4.- BAREMO DE MÉRITOS

Soamente procederá a valoración dos méritos alegados polas persoas participantes cando estas reúnan os requisitos esixidos nestas bases.

Valoraranse os méritos obtidos ou en condición de obterse na data na que finalice o prazo de presentación de instancias para participar no correspondente concurso.

A xustificación dos méritos deberá realizarse mediante certificación oficial expedida para o efecto.

Para fixar a orde de preferencia na adxudicación do posto no concurso, valoraranse os seguintes méritos:

**1.- Antigüidade:** valorarase cun máximo de **4 puntos**, tendo en conta os servizos efectivos prestados e recoñecidos en calquera Administración Pública, de conformidade coa seguinte escala:

- servizos no mesmo subgrupo/grupo que o do posto solicitado: 0,015 puntos por cada mes ou fracción igual ou superior a 15 días naturais
- servizos nun subgrupo/grupo distinto ao do posto solicitado: 0,007 puntos por cada mes ou fracción igual ou superior a 15 días naturais.

**2.- Experiencia:** experiencia no desenvolvemento de postos pertencentes á área funcional á que corresponda o convocado, entendendo por área funcional a política de gasto definida conforme á Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais. Tomarase en consideración o posto de traballo ocupado na data de finalización do prazo de presentación de instancias. Puntuación de **3 puntos**.

**3.- Grao persoal consolidado:** valorarase cun máximo de **2 puntos** o grao persoal que se teña consolidado de conformidade co seguinte:

- por posuír un grao persoal superior en dous ou máis niveis ao do posto solicitado: 2 puntos
- por posuír un grao de igual nivel ao do posto solicitado: 1,5 puntos
- por posuír un grao persoal inferior nun nivel ao do posto solicitado: 1,25 puntos
- por posuír un grao persoal inferior en dous ou máis niveis ao do posto solicitado: 1 punto.

**4.- Traballo desempeñado:** valorarase cun máximo de **2,25 puntos** segundo o nivel de complemento de destino correspondente ao posto de traballo desde o que se participa no concurso de conformidade co seguinte:

- nivel igual ao posto ao que se concursa: 2,25 puntos
- un nivel inferior: 2,14 puntos
- dous niveis inferiores: 2,03 puntos
- tres niveis inferiores: 1,92 puntos
- catro niveis inferiores: 1,81 puntos
- cinco niveis: 1,70 puntos
- niveis inferiores ao anterior: 1,50 puntos.

Aos funcionarios en comisión de servizos valoraráselles o nivel de complemento de destino do seu posto de orixe.

Unicamente se valorará o nivel dos postos que estean provistos na forma legalmente establecida.

**5.- Permanencia no posto de traballo:** valorarase cun máximo de **0,75 puntos** a permanencia ininterrompida no mesmo posto dende o que se concursa segundo o seguinte:

- nos 5 anos anteriores: 0,75 puntos
- nos 4 anos anteriores: 0,50 puntos
- nos 3 anos anteriores: 0,25 puntos.

**6.- Méritos académicos:** valoraranse os cursos impartidos e/ou recibidos nos últimos 15 anos e ata a data de publicación da convocatoria cuxo contido estea directamente relacionado coas funcións propias do posto solicitado e convocados polo Concello, a Deputación, o INAP, a EGAP, organizacións sindicais ou outros axentes dentro do marco de acordo de formación para o emprego das administracións públicas.

Valoraranse de 0,10 a 0,5 puntos por curso ata un máximo total de **3 puntos** de acordo co seguinte:

- cursos de ata 20 horas: 0,10 puntos
- cursos de 21 a 40 horas: 0,20 puntos
- cursos de 41 a 100 horas: 0,35 puntos
- cursos de máis de 100 horas: 0,50 puntos.

Non se valorarán os que non acrediten as datas de realización e horas de duración, os derivados de procesos selectivos, e os relativos a xornadas, seminarios, simposios ou similares.

Nos cursos referentes a unha mesma materia, valorarase unicamente o de nivel superior.

**7.- Coñecemento da lingua galega:** valorarase o coñecemento da lingua galega cun máximo de **1 punto**, a razón de:

- Celga 2 ou equivalente: 0,20 puntos
- Celga 3 ou equivalente: 0,30 puntos
- Celga 4 ou equivalente: 0,40 puntos
- Curso de linguaxe administrativa de nivel medio ou equivalente: 0,75 puntos
- Celga 5, Curso de linguaxe administrativa de nivel superior ou equivalente: 1,00 punto.

Só se valorarán os cursos que non se esixan para a provisión do posto.

**8.- Outras titulacións:** valorarase cun máximo de **2 puntos** calquera outra titulación académica oficial distinta da esixida para acceder á praza dende a que se concursa relacionadas co posto ao que se concursa.

- bacharelato ou ciclo medio: 0,50 puntos
- ciclo superior: 1,00 punto
- título de diplomatura ou equivalentes: 1,5 puntos
- título de máster, licenciatura ou grao universitario: 2 puntos.

**9.- Conciliación da vida persoal e familiar:** valorarase ata un máximo de **1 punto** polos seguintes conceptos:

- coidado de fillos menores de 12 anos naturais ou por adopción ou acollemento permanente: 0,70 puntos
- coidado dun familiar ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade cando por razóns de idade, accidente, enfermidade ou discapacidade non poda valerse por si mesmo e non desempeñe actividade retribuída: 0,5 puntos.

Os méritos referidos á conciliación acreditaranse como segue:

- coidado de fillo: copia do libro de familia ou resolución xudicial
- coidado dun familiar: copia do libro de familia e documento acreditativo da situación de dependencia e tamén certificado de non estar de alta na Seguridade Social.

**10.- Memoria.** Confección dunha memoria sobre a análise das tarefas do posto e dos requisitos, condicións e medios necesarios para o seu desenvolvemento, a xuízo do candidato, de acordo coa descrición contida na convocatoria. A puntuación máxima será de **6 puntos**.

Para o caso de empate na valoración, aplicaranse por esta orde os seguintes criterios de desempate:

Primeiro.- A maior antigüidade ao servizo da Administración

Segundo.- A maior antigüidade no posto dende o que se concursa

Terceiro.- A data de ingreso como funcionario de carreira e na subescala na que se concursa

Cuarto.- Sorteo público.

#### 5.- COMISIÓN DE VALORACIÓN

Cualificarán os méritos dos concursantes, con referencia á data de peche do prazo de presentación de instancias, unha Comisión de Valoración composta por:

Presidente:

- D. Leopoldo More García, Secretario xeral do Concello de Ferrol.

Suplente: D<sup>a</sup>. Aranzazu Sastre Carracedo, Tesoureira municipal do Concello de Lugo

Vogais:

- D.<sup>a</sup> Ana Rivas García, Secretaria Interventora do Concello de Becerreá.

- Suplente: D Marco Antonio García Gabilán Sangil Secretario Interventor do Concello de O Corgo.

- D. María Begoña López García, Técnica de Administración Xeral do Servizo de Apoio Técnico da Dirección de Economía, Facenda e Réxime Interior no Concello de A Coruña

Suplente: Emilio Fernández Pita, Xefe de Servizo de Recadación da Excm. Deputación de Lugo.

- D<sup>a</sup>. Mónica Iglesias Prego, interventora xeral do Concello de Muxía.

Suplente: D. Manuel Vázquez Fernández, interventor xeral do Concello de Lugo.

Secretaria:

- D. Rafael del Barrio Berbel, Secretario Xeral do Pleno do Excmo Concello de Lugo.

Suplente: María García Ferro, Vicesecretaria do Exmo Concello de Lugo.

#### 6.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN

O resultado da avaliación dos méritos e a adxudicación provisional exporase ó público no taboleiro de anuncios do edificio do Centro de Servizos Municipais, sito na ronda da Muralla, 197, nunha relación que conterá a totalidade do persoal concursante, ordenada de maior a menor puntuación total, con expresión do posto de traballo adxudicado, se é o caso. Concederase un prazo de dez días hábiles para que formulen as reclamacións que estimen pertinentes en relación coa baremación.

#### 7.- TOMA DE POSESIÓN

Transcorrido o prazo sinalado anteriormente, a Comisión resolverá as reclamacións que se presentasen e formulará a proposta de adxudicación dos postos convocados, remitíndoa á autoridade convocante para a súa publicación no Taboleiro de Anuncios do Edificio Administrativo do Seminario, mediante resolución motivada.

Na resolución de adxudicación do concurso indicarse a data na que deberá efectuarse o cesamento no actual posto de traballo e a toma de posesión do destino adxudicado, salvo nos casos de forza maior debidamente xustificadas.

#### 8.- RECURSOS

Estas bases son definitivas en vía administrativa e contra estas pode interpoñerse, de conformidade co establecido na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e na Lei reguladora da xurisdición contencioso-administrativo, un dos seguintes recursos.

a) Con carácter potestativo recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto recorrido, no prazo dun mes contado dende o día seguinte á súa publicación. Transcorrido un mes dende o día seguinte ó da interposición do recurso de reposición sen que se teña resolto, poderá entenderse desestimado, e poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo.

b) Recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso administrativo dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da súa publicación.

Todo isto sen prexuízo de que poda exercitarse calquera outro recurso ou acción que se estime procedente.

#### 9.- PUBLICACIÓN

Estas bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no Taboleiro de Anuncios do Concello.

#### ANEXO

##### Postos para convocar:

- **Xefe/a de Sección de Actas do Secretaría Xeral.** Requisitos: Funcionario/a de carreira, da Escala de Administración Xeral, Subescala Xestión, GRUPO A2. (Titulación: Enxeñeiro/a Técnico, Diplomado/a, Arquitecto/a Técnico ou título universitario de grao ou equivalente). CODIGO 02/18/1.

- **Xefe/a de Sección de Administración Municipal de Secretaría Xeral.** Requisitos: Funcionario/a de carreira, da Escala de Administración Xeral, Subescala Xestión, GRUPO A2. (Titulación: Enxeñeiro/a Técnico, Diplomado/a, Arquitecto/a Técnico ou título universitario de grao ou equivalente). CODIGO 02/18/2.
- **Xefe/a de Sección de Patrimonio do Servizo de Contratación e Patrimonio.** Funcionario/a de Carreira, Escala de Administración Especial, Subescala Técnico Medio, Diplomado en Empresarias GRUPO A2 ou Funcionario/a de carreira, da Escala de Administración Xeral, Subescala Xestión, GRUPO A2. (Titulación: Enxeñeiro/a Técnico, Diplomado/a, Arquitecto/a Técnico ou título universitario de grao ou equivalente). CODIGO 04/18
- **Xefe/a de Sección de Organización RRHH do Servizo de Persoal.** Requisitos: Funcionario/a de carreira, da Escala de Administración Xeral, Subescala Xestión, GRUPO A2. (Titulación: Enxeñeiro/a Técnico, Diplomado/a, Arquitecto/a Técnico ou título universitario de grao ou equivalente). CODIGO 06/18
- **Xefe/a de Sección de Mobilidade Urbana e Sancións.** Requisitos: Funcionario/a de carreira, da Escala de Administración Xeral, Subescala Xestión, GRUPO A2. (Titulación: Enxeñeiro/a Técnico, Diplomado/a, Arquitecto/a Técnico ou título universitario de grao ou equivalente). CODIGO 12/18.
- **Adxunto/a de Servizo de Arquitectura.** Funcionario/a de Carreira, Escala de Administración Especial, Subescala Técnico Superior, Arquitecto ou título universitario de grao e máster ou equivalente GRUPO A1 Funcionario/a de Carreira, Escala de Administración Especial, Subescala Técnico Medio, Arquitecto/a Técnico ou grao equivalente GRUPO A2.CODIGO 23/221.
- **Xefe/a de Sección de Oficina de Inspección de Actividades.** Funcionario/a de Carreira, Escala de Administración Especial, Subescala Técnico Medio, Arquitecto/a Técnico ou grao equivalente GRUPO A2.CODIGO 2201/18.
- **Xefe/a de Sección de Medio Rural.** Funcionario/a de Carreira, Escala de Administración Especial, Subescala Técnico Medio, Enxeñeiro/a Técnico Agrícola ou grao equivalente GRUPO A2. CODIGO 32/18.
- **Xefe/a de Sección do Servizo de Cultura, turismo e Promoción da Lingua.** Funcionario/a de carreira, da Escala de Administración Xeral, Subescala Xestión, GRUPO A2. (Titulación: Enxeñeiro/a Técnico, Diplomado/a, Arquitecto/a Técnico ou título universitario de grao ou equivalente) ou Funcionario/a de Carreira, Escala de Administración Especial, Subescala Técnico Medio, Diplomatura en Traballo Social ou asistente Social, Educación Social ou certificado de habilitación como Educador/a Social ou título universitario de grao ou equivalente CODIGO 51/18.
- **Xefe/a de Sección da Casa da Xuventude.** Funcionario/a de carreira, da Escala de Administración Xeral, Subescala Técnico, GRUPO A1 (Titulación: Doutor/a, Licenciado/a, Enxeñeiro/a Arquitecto/a ou título universitario de grao e máster ou equivalente) ou Funcionario/a de Carreira, Escala de Administración Especial, Subescala Técnico Superior, Licenciado/a en Psicopedagogía ou título universitario de grao e máster equivalente GRUPO A1. Funcionario/a de carreira, da Escala de Administración Xeral, Subescala Xestión, GRUPO A2. (Titulación: Enxeñeiro/a Técnico, Diplomado/a, Arquitecto/a Técnico ou título universitario de grao ou equivalente) ou Funcionario/a de Carreira, Escala de Administración Especial, Subescala Técnico Medio, Diplomatura en Orientación e Inserción Laboral, Traballo Social, Asistente Social, Educación Social ou certificado de habilitación como Educador/a Social ou título universitario de grao ou equivalente CODIGO 5101/18.
- **Xefe/a de Sección de Control Financeiro.** Funcionario/a de carreira, da Escala de Administración Xeral, Subescala Xestión, GRUPO A2. (Titulación: Enxeñeiro/a Técnico, Diplomado/a, Arquitecto/a Técnico ou título universitario de grao ou equivalente) ou Funcionario/a de Carreira, Escala de Administración Especial, Subescala Técnico Medio, Diplomatura en Ciencias Empresariais ou título universitario de grao ou equivalente. CODIGO 61/18/2.
- **Xefe/a de Sección do Órgano de Xestión Económico Financeiro.** Funcionario/a de carreira, da Escala de Administración Xeral, Subescala Xestión, GRUPO A2. (Titulación: Enxeñeiro/a Técnico, Diplomado/a, Arquitecto/a Técnico ou título universitario de grao ou equivalente) ou Funcionario/a de Carreira, Escala de Administración Especial, Subescala Técnico Medio, Diplomatura en Ciencias Empresariais ou título universitario de grao ou equivalente. CODIGO 62/18
- **Adxunto de Servizo de Facenda Local.** Funcionario/a de carreira, da Escala de Administración Xeral, Subescala Técnico, GRUPO A1 (Titulación: Doutor/a, Licenciado/a, Enxeñeiro/a Arquitecto/a ou título universitario de grao e máster ou equivalente) ou Funcionario/a de Carreira, Escala de Administración Especial, Subescala Técnico Superior, Licenciado en Administración e Dirección de Empresas, Económicas e Dereito ou título universitario de grao e máster equivalente GRUPO A1. Funcionario/a de carreira, da Escala de Administración Xeral, Subescala Xestión, GRUPO A2. (Titulación: Enxeñeiro/a Técnico, Diplomado/a, Arquitecto/a Técnico ou título universitario de grao ou equivalente) ou Funcionario/a de Carreira, Escala de Administración Especial, Subescala Técnico Medio, Diplomatura en Ciencias Empresariais ou título universitario de grao ou equivalente. CODIGO 65/221.
- **Xefe/a de Sección de Atención Cidadá (SAC)** Funcionario/a de carreira, da Escala de Administración Xeral, Subescala Xestión, (Titulación: Enxeñeiro/a Técnico, Diplomado/a, Arquitecto/a Técnico ou título universitario de grao ou equivalente) GRUPO A2. CODIGO 7201/18.

- **Xefe/a de Sección de Participación Cidadá e Mercados Locais** Funcionario/a de carreira, da Escala de Administración Xeral, Subescala Xestión, (Titulación: Enxeñeiro/a Técnico, Diplomado/a, Arquitecto/a Técnico ou título universitario de grao ou equivalente) GRUPO A2. CODIGO 7203/18.

- **Adxunto de Servizo de Enxeñería.** Funcionario/a de carreira, da Escala de Administración Especial, Subescala Técnico Superior, GRUPO A1 (Titulación: Enxeñeiro/a de Camiños. CODIGO 3102/221.

**SEGUNDO.-** Procédase a súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo podense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta resolución.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

R. 2951

---

### *Anuncio*

Aprobado inicialmente polo excelentísimo Concello Pleno, en sesión extraordinaria celebrada o día 20 de novembro de 2020 (acordo número 1/129), expediente de Suplemento de crédito/Crédito extraordinario número 5/2020, expónse ao público polo prazo de quince días hábiles aos efectos de reclamacións, de conformidade co artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Os interesados lexítimos que segundo o artigo 170 do mencionado Texto Refundido, e conforme as causas que indica o parágrafo 2) do mesmo artigo, poderán presentar reclamacións a partires da data de inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia e durante o período de exposición pública. Se durante o citado período non se presentasen alegacións, o expediente considerárase definitivamente aprobado.

Lugo, 20 de novembro de 2020.- A Alcaldes, Lara Méndez López.

R. 2952

---

## MONDOÑEDO

### *Anuncio*

#### **PUBLICACION DEFINITIVA DO REGULAMENTO DE VISITAS GUIADAS A COVA DO REI CINTOLO.**

Resultando que durante o período de exposición pública da aprobación inicial do citado regulamento, durante o prazo de trinta días, non se presentou ningunha reclamación contra o mesmo, publícase o texto íntegro do seu contenido, para a súa entrada en vigor, e que dí:

#### **“REGULAMENTO DOS REXÍMENES DE VISITAS GUIADAS Á COVA DO REI CINTOLO (MONDOÑEDO, LUGO), ACTIVIDADES DEPORTIVAS XERAIS E ACTIVIDADES CIENTÍFICAS OU DE INVESTIGACIÓN.**

O Excmo. Concello de Mondoñedo considera que a cova do Rei Cintolo é un elemento natural de especial interese patrimonial e medioambiental e, como tal, considera que debe ser protexida e conservada, pero tamén debe poder visitarse dentro duns parámetros que permitan esta conservación e goce da mesma sen levar a cabo actividades contra os especiais valores que a definan.

Considerase tamén que dado que é un entorno natural en estado virxe presenta unha serie de dificultades que deben ser tidas en contas para a realización dunha visita segura en todas as modalidades posibles.

Por todo iso elabórase o presente regulamento que establece o réxime de uso e as medidas de seguridade precisas para levar a cabo visitas nas dúas modalidades existentes: visitas guiadas organizadas por parte do Excmo. Concello de Mondoñedo e visitas sen guía a realizar por grupos de espeleólogos federados coa licenza federativa en vigor, así como para as actividades científicas e de investigación que se podan levar a cabo na mesma.



## DISPOSICIÓNS XERAIS

### Art. 1.º Ámbito de aplicación e finalidade .

O presente regulamento afecta á cavidade coñecida como Cova do Rei Cintolo sita neste concello, entre os núcleos de Supena e Orxal, na parroquia de Argomoso, sendo a súa finalidade regulamentar a organización e realización de actividades deportivas, xa sexan visitas guiadas ou sen guía, actividades científicas e/ou de investigación, ou de outra índole na mesma. E tamén para preservar o ecosistema da cova e a seguridade dos seus usuarios.

### Art. 2.º Dos profesionais.

O concello disporá de persoal propio ou por conta allea para o desenrolo das diferentes actividades que este organice e realice dentro da cavidade e estas axustaranse sempre á normativa aquí establecida.

## VISITAS DEPORTIVAS. VISITAS GUIADAS

### Sección 1.ª — O /A Guía

#### Art. 3.º Incorporación.

Segundo a lexislación vixente

#### Art. 4.º Requisitos.

Poderán incorporarse como guía as persoas que cumpran as condicións establecidas nas bases de contratación aprobadas segundo a lexislación vixente en cada momento, pero terase en conta, valorando ese mérito nas bases, o feito de posuír o Diploma Acreditativo de Primeiros Auxilios actualizado e o Diploma Acreditativo de Rescate en Cavidades ou diploma do curso en Autosocorro en Espeleoloxía emitido pola Federación Galega de Espeleoloxía.

En caso de non posuílo e saír elixido para o posto o/a candidato/-a deberá realizar os cursos precisos para poder contar cos dous diplomas (primeiros auxilios e rescate ou autosocorro).

En caso de contratación por conta allea, convenio ou acordo con outras institucións con experiencia acreditada en visitas /exploración de cavidades (Federacións, Clubs,...), etc., a persoa responsable das visitas en cada momento deberá cumprir coa lexislación vixente no momento actual, sendo responsable da mesma a persoa asinante dos acordos, convenios ou contratos por conta allea.

#### Art. 5.º Desenrolo da súa actividade.

O desenrolo da actividade do guía enmarcarase nos procedementos de traballos en espazos confinados (NTP 223) e dotarase dos Equipos de Protección Individual (EPI) para o desenrolo de dita actividade conforme á Normativa Europea en vigor en cada momento.

Para persoal laboral ou funcionario do Concello que teña que desenrolar este servizo, o encargado de proporcionar os EPI axeitados para o desenrolo da actividade será o propio concello.

Para o caso de traballadores contratados como autónomos, a través de convenio, acordos, etc. a institución asinante (ou o traballador autónomo no seu defecto) deberá proporcionar os EPI axeitados en cada momento á persoa que desenrole as visitas, segundo a lexislación vixente.

### Sección 2.ª — Os visitantes Guiados – Galería Central.

#### Art. 6.º Solicitude.

Farase unha solicitude para facer as visitas nos días habilitados para a mesma e cun mínimo de antelación a establecer en cada tempada, pero sempre cunha antelación mínima de 30 minutos á hora especificada para as visitas guiadas á cavidade, no tramo correspondente á Galería Central.

Estas solicitudes faranse, en persoa, vía teléfono ou e-mail, na Oficina Municipal de Turismo de Mondoñedo ou en calquera outro lugar que o Concello estableza a tal efecto.

Na mesma haberá que especificar un individuo que encabece nominalmente a reserva e deberá indicar si no grupo hai menores de idade ou maiores de 65 anos.

A idade mínima de acceso á cova establececese en 11 anos neste tipo de visitas.

Para visitas de centros educativos, neste caso centro de ensino primario, establécese como mínimo ter 11 anos ou estar cursando o último curso de primaria (6º). Esta excepción só se considerará cando a visita está organizada por un centro educativo, non podendo trasladarse esta excepción a outro tipo de grupos organizados ou ás visitas ordinarias.

Para poder facer efectiva a visita todos e cada un dos visitantes deberán asinar unha declaración xurada de non padecer enfermidades ou diminucións físicas que podan desencadear riscos ou accidentes no interior da cova ao longo da visita: enfermidades cardiorespiratorias, enfermidades osteoesqueléticas, fobias, problemas de mobilidade máis aló de enfermidades anteriormente citadas (lesións) ou diminución elevada da percepción visual que dificulten o tránsito polo interior da cova de xeito autónomo.

Os grupos de visita a esta parte da Galería central serán de 4 a 10 persoas, sendo posible que entren menos de 4 persoas sempre que abonen as 4 entradas correspondentes, tal como se indica na normativa fiscal reguladora deste tipo de visitas. Neste cómputo con se inclúe o/a guía responsable da visita.

De forma excepcional, os grupos para centros educativos e grupos organizados, poderán chegar a 15 persoas (sen contar o/a guía) e poderán facer visitas consecutivas de dous grupos ata un máximo de 30 persoas.

#### **Art. 7.º Equipos de Protección Individual.**

O concello porá a disposición dos visitantes os EPI homologados necesarios para o desenrolo da visita, que constaran de:

Casco, iluminación, luvas e mono

#### **Sección 3.ª — Os visitantes Guiados – Visita á Sala do Río.**

#### **Art. 8.º Solicitud.**

Farase unha solicitude para facer as visitas nos días habilitados para a mesma e cun mínimo de antelación a establecer en cada tempada, pero sempre cunha antelación mínima de 24 horas á hora especificada para as visitas guiadas á cavidade, no tramo correspondente á baixada ao río da cova.

Estas solicitudes faranse, en persoa, vía teléfono ou e-mail, na Oficina Municipal de Turismo de Mondoñedo ou en calquera outro lugar que o Concello estableza a tal efecto.

Na mesma haberá que especificar un individuo que encabece nominalmente a reserva e deberá indicarse unha aproximación de idades dos participantes, establecendo tres bloques de idades: ata 50 anos, de 51 a 64 anos e de 65 ou máis anos.

A idade mínima de acceso á cova, para este tipo de visitas, establecece en 18 anos cumpridos e poderase solicitar acreditación mediante DNI, Pasaporte ou outro documento oficial, expedido pola autoridade competente, conforme a persoa que vai a acceder á mesma ten a idade mínima requirida.

Para poder facer efectiva a visita todos e cada un dos visitantes deberán asinar unha declaración xurada de non padecer enfermidades ou diminucións físicas que podan desencadear riscos ou accidentes no interior da cova ao longo da visita: enfermidades cardiorespiratorias, enfermidades osteoesqueléticas, fobias, problemas de mobilidade máis aló de enfermidades anteriormente citadas (lesións) ou diminución elevada da percepción visual que dificulten o tránsito polo interior da cova de xeito autónomo.

Os grupos para este tipo de visita, sen contar o/a guía responsable da visita, terán un mínimo de 5 persoas e un máximo de 8 persoas. Poderán entrar menos de 5 persoas si estas abonan as 5 entradas, tal como se especifica na norma fiscal en vigor.

#### **Art. 9.º Equipos de Protección Individual.**

O concello porá a disposición dos visitantes os EPI homologados necesarios para o desenrolo da visita, que constaran de:

Casco, iluminación, luvas e mono

#### **DEREITOS E DEBERES DO GUIA**

#### **Art. 10.º Dereitos.**

Son dereitos do/da guía:

Recibir a información adecuada para o desenrolo do seu traballo.

Recibir a información dos riscos específicos e os medios adecuados de protección persoal.

Recibir os EPI necesarios.

Recibir formación técnica sobre primeiros auxilios, rescate e salvamento no interior de cavidades.

#### **Art. 11.º Deberes**

Son deberes do/da guía:

O cumprimento integro desta norma.

O coñecemento do plans de emerxencia e dos protocolos a seguir en caso de emerxencia.

Velar pola seguridade dos visitantes o longo da visita.

#### **DEREITOS E DEBERES DOS VISITANTES**

#### **Art. 12.º Dereitos.**

Son dereitos dos visitantes:

Recibir a información adecuada para realizar a visita.

Recibir a información dos riscos específicos e os medios adecuados de protección persoal para realizar con seguridade a visita.

Recibir os EPI necesarios para realizar a visita.

#### **Art. 13.º. Deberes.**

Son deberes dos Visitantes os seguintes:

O cumprimento integro desta norma así como das indicacións e ordes que o guía dea o longo da visita.

A presentación de todos datos ou documentos acreditativos que se solicitan para facer a visita.

#### **VISITAS DEPORTIVAS. VISITAS SEN GUÍA**

##### **Art. 14. º Acceso de visitantes sen guía**

So se permitirá o acceso sen guía ás persoas con licenza federativa de espeleoloxía en vigor, licencia de montaña que cubra a actividade espeleolóxica, ou outra licenza federativa que poda, nun futuro, cubrir esta práctica deportiva, expedida, en todo caso, conforme á lexislación deportiva vixente no momento.

A autorización será sempre expresa e previa solicitude perante a Sra. Alcadesa – Presidenta do Excmo. Concello de Mondoñedo segundo os modelos establecidos e que se recollen nos anexos desta normativa.

A idade mínima para a cavidade será de 8 anos con licenza federativa de espeleoloxía en vigor, licencia de montaña que cubra a actividade espeleolóxica, ou outra que licenza federativa que poda, nun futuro, cubrir esta práctica deportiva, expedida conforme á lexislación deportiva vixente no momento, e sempre acompañados dun adulto con licenza federativa de espeleoloxía en vigor.

Os grupos non poderán ser menores de 3 persoas e non excederán as 10. Ademais cada grupo debe contar cun responsable. Cada responsable pode ser só dun único grupo nun mesmo día. Para ser responsable de grupo débese contar cunha licenza federativa de maiores ou adultos de espeleoloxía en vigor ou dos supostos contemplado no parágrafo primeiro deste artigo.

O máximo de grupos de espeleoloxía ao mesmo tempo dentro da cavidade son 2 (20 persoas) dado que pode haber outros dous grupos na cova movidos polo Concello de Mondoñedo. Só en días que non sexan hábiles para as visitas do Concello se poderá ampliar este máximo de visitas deportivas a 3 grupos.

As autorizacións dos grupos de espeleoloxía estará tamén condicionada por outras actividades na cova como son aquelas científicas, de investigación ou deportivas doutro índole.

En caso de coincidencia de datas de solicitude de visita deportiva á cova prevalecerá o momento de entrada da mesma no e-mail de referencia. Tendo preferencia a solicitude que entrase en primeiro lugar, independentemente de que haxa que proceder á subsanacións de erros ou complementar documentación.

En caso de coincidencia de datas para calquera tipo e actividade cunha actividade organizada polo Concello de Mondoñedo, prevalecerá sempre a preferencia do concello sobre calquera outra institución ou particular. Podendo incluso chegarse a cancelar a autorización da visita deportiva cunha antelación mínima de 24h.

En caso de coincidencia de datas para calquera tipo e actividade cunha actividade organizada pola Administración Pública, esta terá preferencia sobre o resto (salvo sobre o Concello de Mondoñedo), podendo incluso chegarse a cancelar a autorización da visita deportiva cunha antelación mínima de 48h.

En caso de coincidencia de datas dunha actividade organizada pola Federación Galega de Espeleoloxía con calquera outra institución, federación ou particular, prevalecerá a preferencia da federación galega (salvo nos dous supostos anteriores de Concello de Administración Pública), podendo incluso chegarse a cancelar a autorización da mesma cunha antelación mínima de 48h.

##### **Art. 15. º Solicitudes**

Na solicitude incluíranse todos os datos do/da responsable e listado nominal con DNI de todos os visitantes así como do tipo de licenza que posúen. Así mesmo día ou días solicitados para a entrada e horas de entrada e saída.

Na mesma comprométense, expresamente, a acatar as normas de visita e uso e comprométense a garantir que non interferirán nas visitas guiadas organizadas polo Excmo. Concello de Mondoñedo.

Xunto coa solicitude haberá que achegar unha declaración xurada de estar ao día cos seguros correspondentes e que estes cobren a actividade a realizar. Nos anexos achégase modelo.

Así mesmo, dende o Concello, explicaráselle as medidas a tomar en caso de emerxencia, de considerarse oportuno.

Adxunto á solicitude deberánse indicar as galerías polas que ten previsto facer a visita, co fin de que se hai una emerxencia sexa máis fácil a súa localización. Esta indicación pódese facer mediante a localización das mesmas nun plano ou mediante relación nominal clara e consecutiva do percorrido a realizar.

En todo caso haberá en entregar un plano ou relación clara de galerías para aclarar por onde vai a discurrir a visita no momento de recoller a chave de acceso á cavidade así como deixar un número de teléfono de contacto.

A solicitude deberá presentarse cun mínimo de 48 horas de antelación con relación á hora de entrada solicitada para acceder á cavidade e sempre antes do venres ás 14:00h. vía e-mail no enderezo [visitas.espeleo.reicintolo@gmail.com](mailto:visitas.espeleo.reicintolo@gmail.com). En caso de cumprir as normas da presente normativa esta considerárase autorizada sen máis tramitación por parte do Concello que a resposta afirmativa expresa ao e-mail que ten achegada a solicitude.

En caso de detectarse erros na solicitude ou ser preciso a achega de documentación complementaria para aclarar calquera aspecto que non quede perfectamente claro, comunicárase vía e-mail co interesado para que aporte o solicitado, pero constará como data e hora de entrada a do primeiro e-mail recibido. Ata que non se aporte toda a documentación solicitada non se poderá dar autorización á solicitude.

En caso de silencio na resposta enténdese, para este caso concreto, desestimada a solicitude.

En caso de que a solicitude non encaixe dentro dos parámetros deportivos aquí considerados, así se indicará ao interesado e a actividade en cuestión deberá ser tramitada para que sexa aprobada en Xunta de Goberno Local, reenviándose directamente dende o e-mail arriba citado, onde se recibiu a petición, ao do Concello de Mondoñedo. Esta tramitación non asegura a resposta afirmativa da mesma e pode ser requirida igualmente información e/ou documentación complementaria.

#### **Art. 16.º Entrada á cova**

A entrada á cavidade será facilitada por un traballador do Concello ou un representante que nomee o mesmo, polo que deberá avisarse das horas de entrada e saída na solicitude.

As horas de visita solicitadas non teñen por que coincidir coas aprobadas por parte do Concello, podendo axustarse estas aos horarios da Policía Local en cada momento. En todo caso, a modo de horario mínimo habilitado para a entrega e recollida da chave, este sería entre as 10h e as 19h coincidentes co horario de apertura e peche da Oficina Municipal de Turismo. Así, no caso de que as circunstancias particulares da Policía Local non habiliten outro horario, a chave podería recollerse, como primeira hora ás 10h da mañá e habería que entregala, de volta, como moi tarde, ás 19h do serán. En todo caso, na autorización da visita indicárase o lugar onde pode recollerse a chave para acceder á cova.

As visitas en días seguidos implican a devolución da chave ao rematar a actividade do primeiro día e a recollida da mesma antes de comezar a actividade no segundo día e así sucesivamente en cantos días se desenrole a visita.

En calquera momento poderá solicitarse a licenza federativa dos visitantes polo que no caso de non levala consigo non se poderá acceder o interior.

#### **Art. 17.º Prohibicións**

No interior da cavidade, entendendo esta dende a vertical da parede onde se localiza a entrada, na rexa que cerra o acceso á mesma, non se admite iluminación por carburo ou calquera outro elemento que supoña combustión dentro da cavidade, queda así prohibida de forma expresa toda iluminación que non sexa eléctrica. A única iluminación aprobada é a eléctrica, si ben a fonte desa iluminación pode derivar de baterías ou pilas.

Pola mesma esta prohibido fumar no interior da cavidade.

Así tampouco se permite deixar calquera tipo de obxecto ou refugallo dentro da cova.

Non está permitido sacar calquera tipo de pedra, ben sexa rocha ou espeleotema, animal, planta ou elemento de carácter patrimonial que se poda atopar dentro da cavidade e, polo tanto, pertenza a esta. Só se poderán facer retiradas deste tipo de elementos con fins de investigación, de estudos ou de interese xeral, con autorización expresa do Concello e daquelas administracións que sexan competentes na área en cuestión, si procedese segundo a lexislación vixente en cada momento.

Prohíbese a instalación de todo tipo de ancoraxes artificiais que precisen da perforación das rochas. Para a instalación destes ten que mediar solicitude expresa ao Concello de Mondoñedo, indicando localización, características e necesidade do mesmo e ten que haber aprobación expresa por parte da Xunta de Goberno Local de que se pode realizar esta ancoraxe.

Prohíbese o acceso sen levar a licenza federativa con un mesmo, así como entrar sen os EPI necesarios para o desenvolvemento da actividade segundo a lexislación vixente en cada momento.

#### **Art. 18.º Réxime sancionador.**

O incumprimento da normativa vixente para as visitas deportivas sen guía, así como da legalidade vixente para estas visitas ou para a Cova do Rei Cintolo en tanto elemento patrimonial catalogado, poderá implicar sancións ás persoas infractoras e aos clubs das mesmas previa resolución da Xunta de Goberno Local a tal efecto.

As sancións consistirán na prohibición do acceso á cavidade no tempo que se considere oportuno por parte da Xunta de Goberno Local, en base á gravidade da infracción realizada.

Así mesmo, ante actividades lesivas co patrimonio natural e ou histórico, o Concello procederá a remitir o expediente ao órgano autonómico competente para que se pronuncie sobre o mesmo e poda proceder a outro tipo de sancións que o Concello non pode ditaminar.

#### **ACTIVIDADES DEPORTIVAS ESPECIAS.**

##### **Art. 19 ° Obxecto.**

Consideraranse como actividades deportivas especiais, todas aquelas que non sexan encaixables dentro do grupo de “Visitas sen guía” que estaría encamiñado ás visitas de espeleoloxía coordinadas por un particular, ben sexa en representación propia ou en representación dun club, federación, etc. e que teñen como finalidade só e exclusivamente a práctica deportiva.

Así, neste campo entrarían actividades como campamentos de espeleoloxía, desenrolo de cursos relacionados coa espeleoloxía e coas actividades de intervención e rescate dentro da cavidade, etc.

##### **Art. 20 ° Procedemento de solicitude e resolución de expediente.**

Para as actividades deportivas que non entren dentro dos parámetros de visitas deportivas sen guía contemplados nesta normativa, deberase presentar perante o Concello de Mondoñedo unha memoria onde se indiquen os detalles da actividade a realizar, seguros para a mesma, datas e participantes.

Esta documentación, presentada mediante o seu correspondente oficio, irá dirixida á Sra. Alcaldesa – Presidenta do Concello de Mondoñedo e poderase facer mediante calquera medio contemplado no Procedemento Administrativo Común. Na solicitude farase constar que se trataría duna “Actividade Deportiva Especial”.

Esta actividade deberá ser aprobada, ou si é o caso denegada, en Xunta de Goberno Local.

As solicitudes poderán presentalas persoas físicas ou xurídicas, pero en todo caso ten que haber unha designación explícita dunha ou varias persoas responsables durante o desenrolo da actividade a razón de 1 persoa por grupo e como máximo sobre un grupo de 10 persoas (incluíndo neste grupo tamén á persoa responsable). Nos mesmos termos que se recollen para as “visitas sen guía” nesta normativa.

Toda persoa que entre na cavidade en visitas amparadas neste epígrafe debe ter licencia federativa en vigor para a práctica da espeleoloxía no momento de facer a visita. Os grupos non serán de menos de 3 persoas nin de máis de 10 persoas e non poderán exceder de dous grupos ao mesmo tempo (20 persoas) dentro da cavidade, tal como se recolle para visitas sen guía, sendo a excepción, ata 3 grupos, en días que non sexan hábiles para as visitas á cova do Concello.

Así mesmo os grupos deberán ter en conta as prohibicións especificadas no artigo 17 así como calquera consideración e condicionante que se faga chegar na resolución emitida polo Concello.

As idades mínimas que rexen para este apartado serán as mesmas que para os grupos de visitas deportivas sen guía.

Para este tipo de actividades poderase solicitar a cesión da chave dende o primeiro día da mesma ata o último. A concesión ou non desta solicitude farase constar de forma expresa na resolución final da Xunta de Goberno Local.

##### **20.1 - Documentación:**

- No relativo á actividade a realizar deberase indicar de que se trata (campamento, curso, etc.) que finalidade ten a presente actividade, zonas da cavidade a visitar, itinerario a percorrer, etc. e toda aquela información que se poda aportar que permita aclarar ao máximo en que vai consistir esta actividade, por onde vai a discorrer e o itinerario que se vai seguir en cada momento.
- Terase que aportar un documento que especifique que a actividade está ao día en canto á cobertura de seguros se refire. Esta aportación pode ser a través da sinatura da declaración xurada de estar ao día do seguro correspondente ou aportando copia de comunicación expresa do seguro contratado para o evento onde se vexa claramente que a actividade está cuberta.
- Débense indicar as datas de realización da actividade. Días de comezo e fin da actividade e horas de entrada e saída da cavidade.
- En caso de solicitar que se ceda a chave durante todos os días que dura a actividade, deberase solicitar de forma expresa e así mesmo deberase presentar unha declaración xurada por parte do/da responsable(s) do grupo(s) conforme non se vai a estar dentro da cova fóra das horas nas que foi autorizada a visita. Esta concesión farase constar expresamente na resolución que derive da Xunta de Goberno Local que autorice a actividade.
- No relativo aos participantes farase constar de forma expresa nomes, DNI e tipo de licencia que habilita para a práctica de espeleoloxía. Así, aportarse cuberta e asinada a “solicitude de visita sen guía” que figura nos anexos, como unha parte máis da memoria a presentar perante o Concello. En caso de ser unha actividade na que non se coñecen os nomes das persoas participantes polas características do curso, aportaranse os datos do/da responsable(s) así como un número estimado de asistentes e logo, cunha antelación mínima de 48h

antes do comezo da actividade, aportarse o listado nominal completo así como a configuración dos grupos nos termos que recolle este parágrafo.

- Achegaranse tamén copias dos DNI dos responsables do(s) grupo(s) no momento da realización da actividade.

## **20.2 - Prazo de presentación e resolución.**

O prazo de presentación de solicitudes deberá ser, ao menos, con un mes de antelación sobre a data na que se pretende levar a cabo a actividade.

Unha vez presentada a memoria, procederase a tramitar e a Xunta de Goberno Local emitirá resolución sobre a mesma indicando si se autoriza ou non así como os termos específicos desa autorización, facendo constar expresamente todos aqueles condicionantes que considere oportunos.

## **ACTIVIDADES CIENTÍFICAS.**

### **Art. 21 ° Obxecto.**

Consideraranse así aquelas actividades de estudo, exploración, investigación, etc. que teñan por fin ampliar o coñecemento sobre a caviade e non sexan meras actividades deportivas ou de formación relacionadas coa práctica da espeleoloxía, rescate en covas, socorro, seguridade, etc.

Así, neste apartado, entrarían traballos da área de xeoloxía, bioloxía, arqueoloxía, topografía e similares.

### **Art. 22 ° Procedemento de solicitude e resolución de expediente.**

Para a autorización dunha actividade deste tipo deberase presentar unha memoria explicativa sobre a actividade indicando os detalles da mesma, seguros, datas e participantes.

Esta documentación presentarse perante o Concello de Mondoñedo e, mediante o seu correspondente oficio, irá dirixida á Sra. Alcaldesa – Presidenta do Concello de Mondoñedo. Esta presentación poderase facer mediante calquera medio contemplado no Procedemento Administrativo Común. Na solicitude farase constar “Actividade Científica”

Esta actividade deberá ser aprobada ou, si é o caso, denegada en Xunta de Goberno Local.

A Xunta de Goberno Local, se vise que a actuación non está xustificada suficientemente, resérvase o dereito a considerala non científica e pasar a valorala como “Actividade Deportiva Especial” e proceder segundo o epígrafe correspondente a ese apartado.

As solicitudes poderán presentalas persoas físicas ou xurídicas, pero en todo caso ten que haber unha designación explícita dunha ou varias persoas responsables durante o desenrolo da actividade científica a razón de 1 persoa por grupo e como máximo sobre un grupo de 10 persoas, nos mesmos termos que se recollen para as “visitas sen guía” nesta normativa.

O volume máximo de xente para este tipo de actividade dentro da cova serían 20 persoas que poderían estar divididos nun máximo de 3 grupos. Cada grupo debe ter un responsable científico e un responsable espeleolóxico que poden ser a mesma persoa.

Para este tipo de actividades non sería preciso que todo o grupo conte con licencia federativa para a práctica da espeleoloxía.

Neste caso, para as investigacións a levar a cabo na Galería Central chegaría con que as persoas que levaran a cabo a investigación –todas elas- acreditaran experiencia en exploración de cavidades de xeito claro, así como coñecemento de Rei Cintolo e aportar documentación conforme se conta cun seguro en vigor que cubre a actividade en Rei Cintolo nos días nos que se levaría a cabo a actuación científica. En caso de non poder acreditar esta experiencia deberá contar cunha persoa por grupo con licencia federativa que a acredite para a práctica da espeleoloxía e estea en vigor. Licencia de adultos.

Para as actividades científicas fora da Galería Central da Cova deberase contar, en todos os supostos, ao menos cunha persoa con licencia federativa que acredite para a práctica da espeleoloxía e estea en vigor. Licencia de adultos. Ademais deberase aportar documentación que acredite que se conta cun seguro en vigor que cubre a actividade en Rei Cintolo no(s) día(s) no(s) que se levaría a cabo a actuación científica.

As idades mínimas de acceso para traballos científicos son de 18 anos cumpridos para non federados e para federados rexerán os criterios do apartado das “visitas á cova sen guía”, tendo que conta que, como mínimo, en caso de precisarse segundo o explicado un federado, hai que ter unha licencia de espeleoloxía de adultos para validar cada grupo.

Así mesmo os grupos deberán ter en conta as prohibicións especificadas no artigo 17 así como calquera consideración e condicionante que se faga chegar na resolución emitida polo Concello. Quedarían exentos daqueles parágrafos deste apartado para os que sexan autorizados expresamente.

No relativo ás intervencións con relación ao patrimonio arqueolóxico o permiso do concello concederase condicionado a contar coa autorización expresa da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. Sen esta, aínda que se

teña aprobado por parte do Concello a autorización para o acceso, non se poderá facer efectiva a visita e a labor de investigación. A autorización expresa da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural é imprescindible por ser Rei Cintolo un xacemento arqueolóxico incluído no catálogo de bens da comunidade galega e ditalo así a legalidade vixente en canto ao patrimonio arqueolóxico.

Deberase remitir copia ao Concello dos resultados da investigación para arquivo e xustificación da autorización. Así mesmo deberase remitir unha breve nota que resuma a intervención, asinada pola persoa titular da investigación, para poder publicala na web do Concello reflexando así a intervención. Por último, nas publicacións derivadas dos traballos levados a cabo en Rei Cintolo, o/a autor(es) das mesmas deberase facer constar de forma expresa a colaboración do Concello.

Para este tipo de actividades poderase solicitar a cesión da chave dende o primeiro día da mesma ata o último. A concesión ou non desta solicitude farase de forma expresa na resolución final.

En caso de levarse a cabo a actividade en varias sesións, estas poderanse ir solicitando progresivamente segundo avance a investigación. En todo caso haberá que detallalo na memoria correspondente ao programa de traballo, ao menos nas liñas xerais. No ditame da Xunta de Goberno Local especificarase o réxime de solicitude das visitas concretas segundo o solicitado na memoria.

#### 22.1 - Documentación:

- No relativo á actividade a realizar deberase indicar de que se trata e que finalidade ten, zonas da cavidade nas que se realizará a actividade, itinerario a percorrer, etc. e toda aquela información que se poda aportar que permita aclarar ao máximo en que vai consistir esta actividade, por onde vai a discorrer e o itinerario que se vai seguir en cada momento.
- Deberase aportar xustificante de ter un seguro que cubra a actividade científica na Cova do Rei Cintolo no(s) día(s) en que se desenrole. No caso de que todos estean federados chegará coa declaración xurada que vai presente nos anexos desta normativa.
- Deberase aportar, si procede, xustificantes da experiencia en covas dos asistentes, así como coñecemento da cavidade, en caso de non contar cunha persoa por grupo con licencia federativa para a práctica de espeleoloxía en vigor nas actividades que se realicen na Galería Central.
- Deberase aportar copia da licencia federativa que habilite para a práctica de espeleoloxía para o cupo mínimo de federados que se precisan para traballos de investigación.
- En caso de que todo o grupo sexa federado aportárase cuberta e asinada a “solicitude de visita sen guía” que figura nos anexos, como unha parte máis da memoria a presentar perante o Concello.
- Débense indicar as datas de realización da actividade. Días de comezo e fin da actividade e horas de entrada e saída da cavidade. En caso de ser unha actividade que precise de varias sesións, estas poderanse ir solicitando segundo avance a investigación, pero de todas formas sería preciso detallar o punto en cuestión na memoria inicial e indicar que son actividades científicas a desenrolas en varias sesións ao longo do ano natural. Para cada sesión que se solicite, dentro do mesmo programa, haberá que incluír datas e horas de acceso así como listado de visitantes á mesma. En caso de desenrolarse un programa plurianual de traballos haberá que solicitar renovación ano a ano.
- En caso de solicitar que se ceda a chave durante todos os días que dura a actividade (dentro de cada sesión), deberase solicitar de forma expresa e así mesmo deberase presentar unha declaración xurada por parte do/da responsable(s) do grupo(s) conforme non se vai a estar dentro da cova fóra das horas nas que foi autorizada a visita. Esta concesión farase constar expresamente na resolución que derive da Xunta de Goberno Local que autorice a actividade.
- No relativo aos participantes farase constar de forma expresa nomes, DNI e tipo de licencia que habilita para a práctica de espeleoloxía ou xustificante de experiencia en cova, segundo proceda. Así mesmo, aportárase un breve currículo da persoa responsable da actividade científica. Débese aportar o listado para todo o proxecto no momento inicial de aprobación. A ampliación do listado de asistentes deberase comunicar con tempo suficiente e coa documentación axeitada para comprobar que compre cos criterios da resolución emitida pola Xunta de Goberno Local.
- Deberase facer constar expresamente quen é a persoa responsable científica e quen é a persoa responsable do movemento do grupo dentro da cova, que neste caso sería a persoa con licencia federativa en vigor para a práctica da espeleoloxía.
- Achegaranse tamén copias dos DNI dos responsables (científico e espeleolóxico) do(s) grupo(s) no momento da realización da actividade.

#### 22.2 - Prazo de presentación e resolución.

O prazo de presentación de solicitudes deberá ser, ao menos, con un mes de antelación sobre a data na que se pretende levar a cabo a actividade.

Unha vez presentada a memoria, procederase a tramitar e a Xunta de Goberno Local emitirá resolución sobre a mesma indicando si se autoriza ou non así como os termos específicos desa autorización, facendo constar expresamente todos aqueles condicionantes que considere oportunos.

#### **INTERVENCIÓN E RESCATE**

##### **Art. 23 ° Intervención e rescate.**

O Concello de Mondoñedo, en caso de emerxencia, comunicará co 112 para proceder á intervención e rescate na cavidade.

O Concello de Mondoñedo poderá asinar convenio, contrato ou acordo con outras institucións, públicas ou privadas, para a intervención e rescate dentro da cavidade Rei Cintolo sempre que conte con informe favorable do organismo autonómico competente en materia de emerxencias, intervención e rescate neste campo.

Este documento poderá ser aprobado en Xunta de Goberno Local sempre que o Concello o estime oportuno e que teña ditame favorable do organismo autonómico competente nesta materia.

##### **Art. 24.º Seguridade.**

A instalación e supervisión das medidas de seguridade en Rei Cintolo (cordas, ancoraxes,...) serán avaliadas, mediante informe, por parte da Federación Galega de Espeleoloxía ou dos Corpos e Forzas de Seguridade (GREIM e UME) con competencias na materia.

##### **Art. 25.º Excepcións.**

Calquera suposto non contemplado no presente regulamento deberá ser analizado por individual e resolto en Xunta de Goberno Local sentando as bases para actuacións futuras no mesmo suposto.

##### **Art. 26.º Derrogacións.**

Coa aprobación e entrada en funcionamento do presente regulamento queda derogada a normativa previa denominada "Regulamento dos rexímenes de visitas guiadas á cova do Rei Cintolo (Mondoñedo, Lugo) e actividades deportivas xerais" publicada en 28 de xaneiro de 2011 no BOP de Lugo.



**ANEXO I****Declaracións xuradas visitantes con guía.**

Eu D. /Dna. (Yo D. / Dña.)

con DNI\_\_\_\_\_declaro baixo xuramento que descoñezo padecer enfermidades cardiorespiratorias, enfermidades osteoesqueléticas, fobias, problemas de mobilidade máis aló de enfermidades anteriormente citadas (lesións) ou diminución elevada da percepción visual que dificulten o meu tránsito polo interior da cova de xeito autónomo e podan dificultar ou impedir a miña visita á Cova do Rei Cintolo.

*(declaro bajo juramento que desconozco padecer enfermedades cardiorespiratorias, enfermedades osteoesqueléticas o fobias, problemas de movilidad más allá de enfermedades anteriormente citadas (lesiones) o disminución elevada de la percepción visual que dificulten mi tránsito por el interior de la cueva de forma autónoma y puedan dificultar o impedir mi visita a la Cova do Rei Cintolo)*

En Mondoñedo, a.....de.....de 20....

Asdo.

**ANEXO II****Solicitudes para visitas espeleolóxicas sen guía**

SRA. ALCALDESA / PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE MONDOÑEDO

|                                     |                       |
|-------------------------------------|-----------------------|
| D. /Dna.                            |                       |
| N.º Carné federación / Tipo licenza | DNI                   |
| Clube                               | Poboación e Provincia |

Como responsable da visita espeleolóxica á Cova do Rei Cintolo que se pretende levar a cabo o día.....do mes de.....do ano.....

a partir das.....horas e ata as.....horas, solicito a chave da mesma para proceder á citada visita.

A relación de participantes que van a integrar o grupo, (incluíndo na relación ao responsable), todos con licenza federativa, son os que seguen:

|    | Nome | Tipo Licenza | DNI |
|----|------|--------------|-----|
| 1  |      |              |     |
| 2  |      |              |     |
| 3  |      |              |     |
| 4  |      |              |     |
| 5  |      |              |     |
| 6  |      |              |     |
| 7  |      |              |     |
| 8  |      |              |     |
| 9  |      |              |     |
| 10 |      |              |     |

ALV= Alevín; INF= Infantil; XUV= Xuvenil; MAI =Maiores / Adultos

Todas as persoas antes indicadas dispoñen da licenza federativa válida para a práctica da Espeleoloxía, proporcionada pola Federación.....de Espeleoloxía, así como o correspondente seguro deportivo con vixencia na data de realización que cubre todos os riscos de accidentes, rescate, asistencia, evacuación e responsabilidade civil para todos os membros que participan nesta actividade.

En.....a.....de.....de 20.....

Asinado:.....

Teléfono: .....

**As persoas autorizadas****comprométense expresamente a:**

Cumprir todas as normas establecidas na normativa vixente polo Concello de Mondoñedo, ou aquelas que se establezan particularmente para o desenvolto das actividades obxecto da presente solicitude.

Respectar o medio soterrado e o seu entorno.

Dar todo tipo de facilidades ás autoridades competentes, para que se verifique o desenvolto da actividade e do cumprimento das normas xerais ou específicas das correspondentes autorizacións.

Comunicar ás autoridades competentes todas aquelas situacións ou circunstancias que podan afectar á conservación das cavidades e o seu entorno.

Non obter beneficio económico directo ou indirecto, nin ter obtido ningunha contía económica privada ou colectivamente derivada da visita á cavidade.

Procuraranse que as horas de entrada e/ou saída dos grupos non coincidan cos grupos organizados polo concello para visitas á Galería Central (12:00, 17:00 e 18:30 horas) e á zona do río da Cova (11:00h e 16:45h). Así mesmo a visita á Galería Central (parte máis alta da cova) está restrinxida por esa mesma causa e nas mesmas horas. As visitas a esta zona por parte do Concello veñen ocupando un espazo aproximado dúas horas, a partires diso queda a zona tamén aberta a grupos de espeleoloxía.

As visitas á parte baixa da cova teñen preferencia sobre as espeleolóxicas e deben cederlle o paso aos grupos do concello en caso de coincidir no mesmo espazo.

A chave recollerase na Policía Local de Mondoñedo (Casa do Concello) ou no lugar que se designe a tal evento, o mesmo día da actividade e o/a asinante comprométese á súa devolución nos termos establecidos na normativa en vigor ou na resolución da Xunta de Goberno Local.

**NORMAS XERAIS DAS VISITAS DEPORTIVAS:**


Soamente se empregar iluminación eléctrica, non se deixarán restos de ningún tipo na cova, non fumará na mesma e non sacará da cova ningún tipo de resto asociado á mesma. Hai obriga de retirar os refugалlos que se podan atopar durante a visita ou que se xeren durante a mesma.

Os grupos de deportistas non serán superiores a 10 persoas. Permítense un máximo de 2 grupos á vez no interior da cavidade, salvo as excepcións contempladas na norma presente.

Retirarase todo tipo de lixo que se atope no interior da cavidade.

En.....a .....de.....de 20.....

Asinado:.....



**ANEXO III****Declaración xurada de estar ao día dos seguros para a actividade deportiva.**

Eu, D/Dña. \_\_\_\_\_.

Con DNI \_\_\_\_\_ Responsable do grupo que vai entrar na cova  
o día/mes/ano \_\_\_\_\_ de a \_\_\_\_\_ horas.

En base á modificación da Lei 3/2012, de 2 de abril, do Deporte de Galicia que entrou en vigor o día 1 de xaneiro de 2016,

DECLARO BAIXO XURAMENTO que o evento deportivo do que son responsable e solicitante, axústase á norma establecida na modificación do apartado 4º artigo 22 da citada Lei do deporte de Galicia, estando a actividade ao día dos preceptivos seguros que se indican na mesma para eventos deportivos, para todos os participantes na mesma.

En \_\_\_\_\_ a, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 202\_.

Asdo:

O que se fai público para xeral coñecemento.

Mondoñedo, 19 de novembro de 2020.- O Alcalde, Manuel Angel Otero Legide.

R. 2953

## MONFORTE DE LEMOS

### *Anuncio*

#### **APROBACION PADRÓN PREZO PUBLICO CONSERVATORIO 2FRACCION MATRICULA CURSO 2020-2021**

Por Xunta de Goberno Local do día 9.11.2020 aprobouse o Padrón do Prezo Público Conservatorio Segunda Fracción Matrícula curso 2020 -2021.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados deste padrón.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria deste padrón, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

